

OS TRABALLOS NAS FÁBRICAS E OS SERVIZOS

TEMA 8 CIENCIAS SOCIAIS CEIP DE RIOTORTO CURSO 2019-2020



OS TRABALLOS DOS SECTOR SECUNDARIO

Lembramos que o sector secundario inclúe aqueles traballos que transforman a materia prima en produtos elaborados. As principais actividades deste sector son:

1. A INDUSTRIA- AS FÁBRICAS

A industria é o conxunto de actividades que se realizan para obter un produto industrial. As fábricas son grandes edificios con moitas máquinas que funcionan con enerxía. Os traballadores das fábricas teñen quendas de traballo e horarios fixos de entrada e saída. Son **traballadores especializados** vixiando máquinas....

2. A ARTESANÍA

Os artesáns traballan nos seus talleres, chamados **obradoiros**. Empregan as mans xunto con **ferramentas sinxelas** para elaborar produtos a partir da materia prima, pensade nos ferreiros cando fan os coitelos.

3. A CONSTRUCCIÓN

A construción é toda actividade que consiste en facer edificios ou outras construcións coma pontes, túneles, estradas... Para iso empregan distintos materiais, cemento, pedra, ladrillo e aquí atopamos distintos traballadores coma albaneis, arquitectos, enxeñeiros...

[Pincha aquí para ver de novo o vídeo](#)

OS PRODUTOS INDUSTRIAIS

As fábricas obteñen unha gran diversidade de produtos industriais, por iso, clasificaremos as fábricas segundo os produtos que elaboran:

➤ INDUSTRIAS DE BASE :

Fabrican produtos que serven de materias prima para outras industria.

Dentro das industrias de base atópanse:

1. Industria química
2. Industria metalúrxica.
3. Industria cementeira.

➤ INDUSTRIAS DE CONSUMO

Fabrican os produtos que se venden directamente aos consumidores.

Dentro das industrias de base atópanse:

1. Industria alimentaria.
2. Industria farmaceútica.
3. 3. Industria textil
4. Industria automobilística.
5. Industria informática.

[Pincha aquí para ver o vídeo de apoio.](#)

OS TRABALLOS DOS SECTOR TERCIARIO

Lembramos que o sector terciario inclúe as actividades que non obteñen nin ningún produto, senón que ofrecen servizos para atender necesidades das persoas ou empresas.

SERVIZOS COMERCIAIS E DE DISTRIBUCIÓN

Os servizos comerciais os traballos que interveñen na venta de produtos coma vendedores.

Os servizos de distribución ocúpanse do traslado de persoas ou mercadorías, por exemplo os camioneiros.

SERVIZOS A EMPRESAS

Son os traballos que facilitan o funcionamento das empresas. Por exemplo, os informáticos, avogados, economistas..

SERVIZOS SOCIAIS

Son as actividades que contribúen ao benestar das persoas, por exemplo, os mestres, médicos, xuíces, persoal que atende a persoas maiores ou discapacitados...

SERVIZOS TURÍSTICOS, CULTURAIS E DE OCIO

Son os traballos que atenden as persoas que se desprazan a un lugar para descansar ou pasalo ben. Aquí atopamos os servizos de museos, parques temáticos, hoteis, teatros...

[Pincha aquí para ver de novo o vídeo](#)